

La colación como operación previa a la partición. Distinción de otras figuras afines a la misma

Carmen Muñoz García

Editorial Aranzadi, Pamplona, 1998

Dentro do dereito de sucesións, chama poderosamente a atención o enorme abano de relacións e de fenómenos xurídicos que se producen ó falecer unha persoa, pero moi especialmente aquelas situacións creadas en vida polo propio causante, ó outorgarlle atribucións gratuítas a algún dos seus herdeiros forzosos, e que en principio podían considerarse como definitivas. Estas non son máis ca unha especie de anticipo do que no momento da apertura da sucesión contará na súa parte, fronte ós demais herdeiros forzosos. Este contar na súa parte no momento da apertura da sucesión implica a previa incorporación ficticia, ideal, do donatum ó *relictum*, e denomínase colación.

Os perfís do instituto da colación non aparecen recollidos no noso Código civil perfectamente delimitados, malia que basicamente está claro que esta institución se dirixe a salvagardar en toda a súa extensión a vontade do causante, aínda que sexa meramente presunta. Estamos diante dunha categoría xurídica de difícil comprensión e de non menos complicada aplicación debido, fundamentalmente, á imprecisión terminolóxica utilizada tanto nos textos legais intermedios como pola doutrina que precedeu o Código civil, pero moi especialmente

pola vinculación que presenta con outras categorías que tamén integran o proceso sucesorio, e que dirixen os seus efectos cara á partición.

Para a súa adecuada conceptualización débese partir do teor literal do artigo 1035 do Código civil, de acordo co cal *o herdeiro forzoso que concorra, con outros que tamén o sexan, a unha sucesión deberá traer á masa hereditaria os bens ou valores que recibisen do causante da herencia, en vida deste, por dote, doazón ou outro título lucrativo, para computalo na regulación das lexítimas e na conta de partición*. Así, en clara sintonía co mantido por Díez-Picazo e Gullón¹, a colación é unha operación particional de singulares características cando á herdanza concorre máis dun herdeiro forzoso, e consiste en levar á masa hereditaria, nun sentido meramente contable (o noso dereito non seguiu o sistema da colación por achega, senón que adoptou o sistema da colación por achega contable ou colación por imputación²) o adquirido do causante por título lucrativo en vida deste, coa finalidade de telo presente para recibir de menos o equivalente á hora de paga-la parte do colacionante (*conta de partición*)³.

O concepto legal incorporado a este precepto presupón unha dobre acepción do termo *colación*, que cómpre saber: computación na regulación das lexítimas e computación na conta de partición. Esta distinción leva a considerar de forma separada a finalidade de cada unha destas operacións. A primeira delas ten como razón de ser a defensa das lexítimas, mentres que a segunda se dirixe a forma-la masa que, despois, haberá de ser partida tendo como fundamento a presunción de que a vontade do causante se orientou no sentido de que as atribucións *inter vivos* se realizaban a conta ou como anticipo da cota hereditaria.

Neste sentido, e como exemplo desta dualidade de acepcións, cómpre destacar que na Sentencia do Tribunal Supremo do 3 de xuño de 1965⁴ cualifi-

¹ DÍEZ-PICAZO, L. e GULLÓN, A., *Instituciones de Derecho Civil, volume II/2, Derecho de familia, Derecho de sucesiones*, 2ª edición, Editorial Tecnos, Madrid, 1998, páxinas 387 e 388.

² Aínda cando o artigo 1035 do Código civil fala de *traer á masa hereditaria os bens, cunha fórmula probablemente non demasiado feliz*, o artigo 1045 é suficientemente claro cando establece que *non se traerá a colación e partición as mesmas cousas doadas, senón o seu valor*.

³ Para unha maior precisión conceptual, e pola falta da suficiente concreción por parte do dereito español, pode resultar útil acudir ó dereito italiano e ó francés, que fan unha clara diferenciación entre a colación das doazóns *inter vivos* e legados e a colación de débedas, para atribuírlles a estas o mesmo tratamento xurídico cás anteriores: como un medio máis de mante-la igualdade entre coherdeiros e como unha garantía para estes, contra a posible insolvencia do coherdeiro-debedor, ademais dunha preferencia (como refire o dereito francés) fronte a outros acredores do debedor.

Polo que se refire á nosa normativa, o artigo 1035 do Código civil, que contempla o concepto, non considera a colación de débedas, e o artigo 1043 do mesmo Código é o que vén incluír estas como bens sempre colacionables.

⁴ Relator: Excmo. Sr. DON Emilio AGUADO GONZÁLEZ; Repertorio Aranzadi: 3812.

case a colación como institución *sui generis* que pode ser considerada como unha operación particional, pero que tamén pode ser estimada como unha operación distinta á partición e previa a esta⁵.

Pero é que, ademais, estamos ante un conxunto de relacións que dá lugar á preexistencia de doazóns do causante cando se abre a herdanza, e que se diversifica en varias operacións, ás que a doutrina denominou computación, imputación, redución e colación en sentido estricto, que veñen configurarse a modo dunha serie de figuras intimamente mesturadas e confusas como a que en esencia constitúe a propia colación.

A todos estes problemas e a outros que suscita a regulación legal da colación enfrontase e posiciónase Carmen Muñoz García na súa obra *La colación como operación previa a la partición*, traballo no que vén descifra-lo verdadeiro concepto de colación, deslindándoa, con carácter previo, de todas estas figuras próximas e previas.

Desta forma, a autora estudiou e sistematizou, con verdadeiro *meco* e cunha gran dose de entusiasmo, toda a problemática suscitada ó longo da historia en torno á colación. Acudiu para isto á información que achegan os textos antigos e ás múltiples interrogantes, controversias e dúbidas que se presentan doutrinal e xurisprudencialmente na súa interpretación, e tivo sempre en conta a contribución decisiva que fixeron ó tema autores como Vallet de Goytisoló⁶ e De los Mozos⁷. En especial, Carmen Muñoz tratou a traxectoria histórica da colación a partir do dereito romano, no que cabe distingui-la evolución anterior ás novelas de Xustiniano e a regulación xustiniana, e na que queda xa fixado o alcance da institución, a pesar das notables deficiencias sistemáticas que obrigarían posteriormente a un notable esforzo de corrección por parte de glosadores e comentaristas. As deficiencias na época codificadora acentúanse ou complícanse ó se mesturaren ou ó non se deslindaren con suficiente claridade os conceptos de colación, reunión ficticia, computación, imputación e redución.

⁵ De aí que GARCÍA GOYENA, F. (*Concordancias, motivos y comentarios del Código Civil Español*, reimpresión da edición de Madrid, 1852, pola Cátedra de Dereito Civil da Universidade de Zaragoza, 1974, páxina 52) diga terminantemente que o método seguido no proxecto de 1851 parece máis natural que o do Código francés, pois neste regúlase a partición antes cá colación cando o certo é que na orde das ideas a colación debe precede-la partición.

⁶ VALLET DE GOYTISOLO, J. B., "Computación, imputación y colación", V.IV, *Estudios de Derecho Sucesorio*, Editorial Montecorvo, Madrid, 1982; *Panorama del Derecho de Sucesiones V.II, "Perspectiva Dinámica"*, sección 9ª, Editorial Civitas, Madrid, 1984; *Comentarios al Código Civil y Compilaciones Forales*, dirixidos por M. ALBALADEJO, ERDP, t. XI, artigos do 806 ó 857, 2ª edición, Madrid, 1982; *La mejora tácita. Hacia la fijación de un concepto y concreción de una producción*, t. VIII, Editorial Reus, Madrid, 1954; etc.

⁷ De Los Mozos, J.L., *La Colación*, ERDP, Madrid, 1965.

Consecuentemente, a primeira parte da obra vai dirixida a intentar deslinda-la colación propiamente dita desta serie de operacións, que aínda que diversas son tamén conexas, pois implican a existencia de doazóns realizadas en vida polo causante. Todas estas figuras, por estaren dirixidas a protexe-la lexítima, son de dereito necesario, e a pesar de que para referirse a elas o Código empregase en ocasións, de maneira impropia, o termo *colacionables*, por falta do suficiente rigor, a confusión mantívose pola gran proximidade que presenta esta categoría co resto das institucións referidas.

Así, cando falamos, en propiedade, de colación, hai que dicir que non se trata dunha institución para a defensa da lexítima, nin se debe confundir coas accións para a revogación de doazóns, senón que se concibe como un mecanismo para a determinación das cotas, e a súa aplicación pode dar como resultado unha alteración inicial na súa formación.

Coexisten na colación principios de carácter imperativo con outros de carácter dispositivo, xa que a posibilidade de que o deber de colacionar sexa dispensado polo doante tradúcese nunha combinación da lei e da vontade. No fondo, e de acordo co sinalado pola propia autora, trátase de harmoniza-la vontade do lexislador de dispensar un trato por igual ós *herdeiros forzosos* coa presunta vontade do causante, dentro dos límites nos que sexa admisible unha relativa desigualdade de trato.

Ó serlles aplicada a colación ós *herdeiros forzosos*, isto é, ós lexitimarios en quen concorra a calidade de herdeiros, queda fóra da aplicación destas regras quen non reciba a lexítima por título universal ou de herdanza. Tratarase, pois, de lexitimarios, e ademais que concorran ó herdo con outros que teñan igual condición.

Estas, e non outras, son as razóns que levaron a autora a considerar que a colación, en rigor, debe analizarse e estudiarse separadamente do resto das institucións mencionadas, para coñecer en definitiva o seu verdadeiro alcance e contido, posto que, aínda cando o artigo 1035 do Código civil contempla a colación como operación que serve á vez para o cálculo da lexítima e para contar na partición, como di literalmente no seu texto, isto non nos autoriza a mante-la confusión destas distintas institucións xurídicas, nin a atribuírle á colación unha suposta misión previa de defensa da intanxibilidade da lexítima.

Respecto ó fundamento da colación, hai que ter en conta, ante todo, que non é un instituto de carácter necesario, pois o artigo 1036 do Código civil postula *que non terá lugar entre os herdeiros forzosos se o doante así o dispuxese expresamente*. Achámonos, polo tanto, diante dun réxime legal meramente dispositivo, que obedece á idea de que o doado a un descendente forzoso non é máis ca un anticipo da súa herdanza, que é cousa distinta de chegar a entender que o causante quere igualar a tódolos seus herdeiros forzosos, pois non tería isto sentido cando no testamento os institúe en proporcións distintas.

Así mesmo, resulta relevante precisar que, dada a evolución práctica e a súa regulación posterior, a colación non orixina desprazamentos, senón adxudicacións compensatorias ás que lles son aplicables as regras propias das débedas de valor. De aí que a computación contable ou de readaptación en que a colación consiste farase polo valor que os bens doados teñan no momento de se *avaliaren* os bens herdados, isto é, haberá que atender ó momento ou *tempo de avaliación*, ás consecuencias das posibles oscilacións no valor dos bens. Todo isto leva a Carmen Muñoz García a estudar e a analizar en profundidade o verdadeiro alcance do contido do artigo 1045 do Código civil, modificado pola Lei do 13 de maio de 1981, e incluso a considerar se a solución adoptada pola nosa normativa é a máis ou a menos acertada por corrixir ou non os defectos da depreciación monetaria.


Neste sentido, e de acordo con Díez-Picazo e Gullón⁸, o aumento ou deteriorización física ou posterior á doazón, e aínda á súa perda total, casual ou culpable, son a carga, risco ou beneficio do donatario, pois así o recolle o artigo 1045. Ou ben, polo tanto, é necesario valoralo coas características físicas que tiña ó doalo no momento que se sinala, que non é, como precisaba literalmente o artigo 1045 anterior á reforma de 1981, *o tempo da doazón*. Ó valorar conforme o momento no que se avalían os bens hereditarios, é evidente que se recolle o efecto da inflación monetaria, e ese mesmo criterio deberá servir para a valoración do diñeiro que no seu momento se doou, polo que haberá que actualizalo⁹.

En definitiva, das consideracións apuntadas, ademais de pór de relevo o interese da materia contemplada, dedúcese o rigor e a profundidade empregados por Carmen Muñoz no seu estudio, obxecto da súa tese de doutoramento. Fiel reflexo do referido rigor científico constitúeo o feito de que en todo o libro resplandece o propósito integrador que leva a autora a xustificar as solucións que patrocina en principios xerais, non xa do dereito de sucesións, senón do de obrigas, cando o caso o require. Así, por citar un exemplo, igualmente posto de manifesto polo profesor Ferrandis Vilella no prólogo á obra, a débeda dos froitos e das rendas desde o momento da apertura da sucesión xus-

⁸ DÍEZ-PICAZO, L. e GULLÓN, A., op. cit., páxinas 391 e 392.

⁹ A sentenza do Tribunal Supremo do 17 de decembro de 1992 (relator: Excmo. Sr. D. Alfonso VILLAGÓMEZ RODIL; Repertorio Aranzadi: 10696), sobre a valoración e interpretación da expresión valor actualizado na colación de bens, sinala que os plusvalores dos procesos urbanísticos, a recualificación de terreos, a creación de infraestruturas revalorizadoras, as modificacións substanciais no contorno ou cesamento de actividades agrarias ou de simple recreo e a súa substitución por outras, industriais ou de calquera tipo máis rendible, son incrementos económicos de valor, non se inclúen no artigo 1045, e *han de correr a cargo e beneficio da masa partible*.

tifícase pola aplicación da regra do artigo 1095 do Código civil: *O acredor ten dereito ós froitos da cousa desde que nace a obriga de entregala.*

Estamos, en resumo, en presenza dun estudio serio e rigorosamente realizado, polo que hai que felicita-la súa autora, estudio que pretende ser de utilidade, tanto para profesionais consumados do dereito civil como para noveis que se aproximan a un dos aspectos máis atraentes do dereito privado: a colación. 

José Ricardo Pardo Gato

Avogado



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.